

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN ABSOLUTO E JÚNIOR

Tempada 2009 - 2010 - Circular 09-19

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDE.

1.1.- O Campionato Galego de Natación Absoluto e Júnior de inverno e o de verán celebraranse durante as datas e sedes establecidas no calendario de natación para a presente tempada (circular 0911).

1.2.- O Campionato Galego de Natación Absoluto e Júnior celebrarase a nivel rexional en tres xornadas cunha sesión de mañá e outra de tarde cada unha delas.

1.3.- As sesións de mañá darán comezo ás 10:00 horas e as de tarde ás 17:30 horas.

1.4.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día previo ao Campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao clube organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o queceamento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1ª XORNADA - 1ª SESIÓN (10.00 HORAS)	1ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.30 HORAS)
1. 200 BOLBORETA MASCULINO	FINAIS A E B DAS PROBAS
2. 200 BOLBORETA FEMININO	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
3. 100 BRAZA MASCULINO	
4. 100 BRAZA FEMININO	13.- 4x200 LIBRES MASCULINO JUNIOR
5. 200 LIBRE MASCULINO	14.- 4X200 LIBRES FEMININO JUNIOR
6. 200 LIBRE FEMININO	
7. 50 COSTAS MASCULINO	
8. 50 COSTAS FEMININO	
9. 400 ESTILOS MASCULINO	
10. 400 ESTILOS FEMININO	15. 4X100 LIBRE MASCULINO ABSOLUTO
11. 4X50 ESTILOS MASCULINO	16. 4X100 LIBRE FEMININO ABSOLUTO
12. 4X50 ESTILOS FEMININO ABSOLUTO	
2ª XORNADA - 1ª SESIÓN (10.00 HORAS)	2ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.30 HORAS)
17. 100 ESTILOS MASCULINO *	FINAIS A E B DAS PROBAS
18. 100 ESTILOS FEMININO *	17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 28
19. 100 COSTAS MASCULINO	
20. 100 COSTAS FEMININO	
21. 200 BRAZA MASCULINO	31. 4X100 LIBRE MASCULINO JUNIOR
22. 200 BRAZA FEMININO	32. 4X100 LIBRE FEMININO JUNIOR
23. 50 LIBRE MASCULINO	
24. 50 LIBRE FEMININO	33. 4X200 LIBRE MASCULINO ABSOLUTO
25. 100 BOLBORETA MASCULINO	34. 4X200 LIBRE FEMININO ABSOLUTO
26. 100 BOLBORETA FEMININO	
27. 400 LIBRE MASCULINO	
28. 400 LIBRE FEMININO	
29. 4X50 LIBRE MASCULINO ABSOLUTO	
30. 4X50 LIBRE FEMININO ABSOLUTO	
3ª XORNADA - 1ª SESIÓN (10.00 HORAS)	3ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.30 HORAS)
35. 100 LIBRE MASCULINO	FINAIS A E B DAS PROBAS
36. 100 LIBRE FEMININO.	35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43 e 44
37. 50 BRAZA MASCULINO	
38. 50 BRAZA FEMININO	ÚLTIMA SERIE DAS PROBAS 45 e 46
39. 200 COSTAS MASCULINO	
40. 200 COSTAS FEMININO	47. 4X100 ESTILOS MASCULINO JUNIOR
41. 50 BOLBORETA MASCULINO	48. 4X100 ESTILOS FEMININO JUNIOR
42. 50 BOLBORETA FEMININO	
43. 200 ESTILOS MASCULINO	
44. 200 ESTILOS FEMININO	
45. 1500 LIBRE MASCULINO	49. 4X100 ESTILOS MASCULINO ABSOLUTO
46.- 800 LIBRE FEMININO	50. 4X100 ESTILOS FEMININO ABSOLUTO

(*) Cando a piscina na que se celebre o campionato sexa de 50 metros, non se nadarán estas probas, manténdose a numeración das restantes.

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- a) Nacidos nos anos 1992 e 1993 JUNIOR MASCULINO
- b) Nacidas nos anos 1994 e 1995 JUNIOR FEMININO
- c) Absoluto MASCULINO
- d) Absoluto FEMININO
- e) Nadadores con discapacidade funcional e/ou visual das anteriores categorías.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas a cada unha das categorías. Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual haberá unha soa marca mínima para as categorías absoluta e júnior.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo en tres probas individuais en todo o campionato e nunha proba de remudas por sesión. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual só poderán nadar as probas indicadas no Anexo I.

3.4.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por club e proba.

3.5.- Cada club poderá inscribir un só equipo de remudas por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nunha remuda con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.6.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEDGAN.

4.- INSCRICIÓN.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico. Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC. Remitirase tamén o impreso correspondente cos datos dos nadadores que participen unicamente en remudas.

4.2.- As inscricións para cada un dos campionatos deberán obrar en poder da FEDGAN 10 días antes do comezo da competición, cadrando este día a martes en ámbolos casos, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEDGAN.

4.3.- Os nadadores con discapacidade realizarán a inscrición segundo o Anexo II da presente normativa.

5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- As eliminatorias nadarase pola mañá. As categorías júnior e absoluta nadarán por separado. As series de categoría Júnior organizaranse polo sistema "contra o reloxo". As series de nadadores de categoría absoluta organizaranse polo sistema de "cabezas de serie". Nas probas de, 800 e 1500 libre prescindirase da idade dos participantes e nadarase polo sistema de "contra o reloxo".

5.2.- - Confeccionarase unha final "A" cos 6/8 mellores tempos das eliminatorias, e unha final "B" cos 6/8 seguintes tempos, a final A e a B nadaranse nas sesións de tarde.

5.3.- Nas probas de 800 e 1500 libre a mellor serie composta polos 6/8 mellores tempos de inscrición nadarase nas sesións de tarde.

5.4.- As probas de remudas nadaranse "contra o reloxo".

5.5.- Os criterios de puntuación para todas as categorías serán os seguintes:

a) Para puntuar será preciso referendar a marca mínima da proba. No campionato absoluto, as marcas mínimas para os nacidos nos anos 1992 e posteriores en categoría feminina e 1990 e posteriores na masculina consideraranse só para os efectos de participación.

b) Para a puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por clube en cada proba individual, con independencia dos que participasen. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose o dereito a puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.

c) A efectos de clasificación final por clubes, só se terá en conta as 16 mellores puntuacións, tanto en proba individual como equipos de remudas.

d) A puntuación nas probas individuais será a que asigna a táboa FINA (Fina Point Scoring 2009) para cada marca. A puntuación dos nadadores con discapacidade funcionais ou visuais será a que asignan as táboas de compensación. Os nadadores só poderán puntuar unha vez por proba, obtendo a puntuación da mellor marca válida feita na proba.

e) A puntuación nas probas de remudas será o dobre da que asigna a táboa FINA (Fina Point Scoring 2009) para cada marca.

f) A clasificación final virá dada pola valoración de táboa FINA (Fina Point Scoring 2009) e a táboa compensada para os nadadores con discapacidade.

5.6.- No Campionato Absoluto:

a) Os records que se batan ou igualem na competición, con independencia do posto, terán a puntuación engadida que se indica a continuación:

Récord dos campionatos: 150 puntos

Mellor marca nacional: 200 puntos

Récord de Galicia: 300 puntos

Récord de España: 500 puntos

Estas puntuacións extra non son acumulables entre si, nin tampouco da sesión da mañá á tarde.

b) Nas probas individuais a todos aqueles nadadores que superen os 800 puntos da táboa da FINA (Fina Point Scoring 2009) outorgaráselles unha puntuación extra acumulable por proba (non entre sesión de mañá e tarde) de 100 puntos. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual deberán superar os 960 puntos da táboa de puntuación compensada para obter dita puntuación extra.

5.7.- No campionato júnior as clasificacións e puntuación efectuaranse cos resultados obtidos nas series eliminatorias excepto nas probas de 800 e 1500 metros, que o serán unha vez establecidas as clasificacións.

6.- CLASIFICACIÓNS.

As clasificacións por clubes faranse atendendo aos seguintes criterios:

6.1.- Campionato Absoluto.

a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.

b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas. O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Absoluto de Inverno/Verán.

6.2.- Campionato Júnior:

Total masculina.

Total feminina.

Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas. O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Júnior de Inverno/Verán.

7.- TÍTULOS E PREMIOS.

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados da final A nas probas que se disputen pola fórmula de eliminatorias e finais, ou os tres mellores tempos se a fórmula e "contra o reloxo", en cada proba en cada unha das categorías. Medalla os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo o criterio que figura nas normativas do Comité Paralímpico Internacional de Natación (IPC Swimming). (Pódese descargar a normativa desde a alínea de circulares da FEDGAN)

7.2.- Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas no punto 6. Excepto para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual.

7.3.- Trofeo Paula Carballido ao nadador e nadadora que realicen a mellor marca do campionato pola táboa da FINA (Fina Point Scoring 2009).

7.4.- Trofeo para o nadador e nadadora con discapacidade funcional e/ou visual que realicen a mellor marca do campionato pola táboa compensada de puntuación.

8. MARCAS MÍNIMAS

8.1.- Segundo Circular FEGAN.

MASCULINO					Proba	FEMININO				
JUNIOR		ABSOLUTA				Conv	ABSOLUTA			JUNIOR
Ano 93	Ano 92	Anos 90 e posteriores (Só participación)	Absoluta	Conv	Conv		Absoluta	Anos 92 e posteriores (Só participación)	Ano 94	Ano 95
0,27,90	0,27,10	0,26,30	0,25,85	0,70	50 Libres	0,40	0,29,60	0,30,50	0,31,10	0,31,70
1,00,50	0,59,00	0,57,80	0,56,70	1,60	100 Libres	1,00	1,04,20	1,06,20	1,07,30	1,08,50
2,13,00	2,11,00	2,07,50	2,05,00	3,40	200 Libres	2,40	2,19,00	2,23,50	2,24,50	2,28,00
4,41,00	4,37,20	4,30,00	4,25,00	7,20	400 Libres	5,20	4,52,00	4,57,00	5,03,00	5,09,50
					800 Libres	11,90	9,49,00	10,12,00	10,18,50	10,29,00
18,35,00	18,26,00	17,52,00	17,25,00	29,50	1500 Libres					
0,31,20	0,30,80	0,29,25	0,28,75	0,30	50 Bolboreta	0,30	0,32,70	0,34,50	0,35,80	0,36,40
1,09,20	1,08,80	1,03,20	1,02,50	1,30	100 Bolboreta	0,80	1,12,50	1,15,00	1,16,30	1,17,50
2,38,00	2,34,00	2,26,50	2,22,00	3,10	200 Bolboreta	2,40	2,38,70	2,48,00	2,50,00	2,53,00
0,32,60	0,32,10	0,31,00	0,30,20	1,10	50 Costas	1,00	0,34,75	0,35,80	0,36,60	0,37,30
1,09,50	1,08,00	1,05,20	1,04,10	2,50	100 Costas	2,20	1,13,10	1,15,90	1,17,00	1,18,20
2,33,00	2,30,00	2,25,00	2,21,50	5,70	200 Costas	5,70	2,38,00	2,43,00	2,45,00	2,48,00
0,35,30	0,34,90	0,33,90	0,33,10	0,80	50 Braza	0,60	0,38,20	0,39,30	0,40,10	0,40,90
1,17,00	1,16,50	1,13,50	1,12,50	2,30	100 Braza	2,00	1,21,50	1,24,00	1,25,10	1,26,10
2,45,00	2,43,50	2,38,00	2,36,00	6,00	200 Braza	4,50	2,57,00	3,02,70	3,05,20	3,07,00
1,10,20	1,08,80	1,06,00	1,04,50		100 Estilos		1,14,70	1,16,50	1,17,30	1,18,70
2,32,50	2,29,10	2,24,50	2,21,00	4,90	200 Estilos	3,10	2,39,80	2,46,00	2,48,00	2,50,50
5,27,00	5,25,00	5,08,00	5,04,00	10	400 Estilos	7,50	5,40,00	5,50,00	5,53,00	5,58,20
			1,45,00	1,60	4 x 50 Libres	1,60	2,01,50			
4,18,00			3,54,00	6,40	4 x 100 Libres	4,00	4,26,00		4,38,00	
9,18,50			8,40,00	13,60	4 x 200 Libres	9,60	9,40,00		10,05,00	
			2,01,30	2,90	4 x 50 Estilos	2,30	2,17,50			
4,45,20			4,16,00	7,70	4 x 100 Estilos	6,00	5,00,00		5,22,50	

As marcas mínimas da presente táboa refírense a piscina de 25 metros con cronometraxe electrónica.

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 1 de xaneiro de 2009 para o campionato de inverno, e o 1 de setembro de 2009 para o de verán.

8.3.- Marcas mínimas para deportistas con discapacidade.

Campionato de Galicia de Natación Absoluto e Júnior de Verán e Inverno										
Mínimas Femininas Nadadoras con Discapacidade										
	50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1	3:12.60	6:57.30		3:12.60	6:57.30	3:12.60	7:13.35			
S2	2:27.66	4:59.60	10:42.00	2:24.45	4:48.90	2:29.80	5:21.00			
S3	1:36.30	3:34.00	7:40.10	1:47.00	3:44.70	1:30.95	3:28.65	2:08.40		7:29.40
S4	1:27.74	3:07.25	7:18.70	1:30.95	3:12.60	1:20.25	2:56.55	1:36.30		5:37.05
S5	1:04.20	2:24.45	5:21.00	1:09.55	2:35.15	1:14.90	2:45.85	1:09.55	2:35.15	5:10.30
S6	0:58.85	2:19.10	4:27.50	1:04.20	2:19.10	1:09.55	2:35.15	1:14.90	2:19.10	4:48.90
S7	0:56.71	2:13.75	3:55.40	0:56.71	2:08.40	1:04.20	2:24.45	1:09.55	2:08.40	4:27.50
S8	0:48.15	1:41.65	3:34.00	0:53.50	1:57.70	0:58.85	2:19.10	0:53.50	2:13.75	4:16.80
S9	0:42.80	1:32.02	3:07.25	0:50.29	1:47.00	0:53.50	2:03.05	0:48.15	1:47.00	3:44.70
S10	0:39.59	1:23.46	2:51.20	0:44.94	1:41.65			0:44.94	1:41.65	3:39.35
S11	0:56.71	2:13.75	3:55.40	0:56.71	2:08.40	1:04.20	2:24.45	1:09.55	2:08.40	4:27.50
S12	0:42.80	1:32.02	3:07.25	0:50.29	1:47.00	0:53.50	2:03.05	0:48.15	1:47.00	3:44.70
S13	0:42.80	1:32.02	3:07.25	0:50.29	1:47.00	0:53.50	2:03.05	0:48.15	1:47.00	3:44.70
Mínimas Masculinas Nadadores con Discapacidade										
	50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1	2:40.50	5:53.10		2:40.50	5:53.10	2:40.50	6:03.80			
S2	2:08.40	4:38.20	10:09.90	2:08.40	4:38.20	1:36.30	3:34.00			
S3	1:25.60	2:40.50	5:21.00	1:30.95	2:40.50	1:22.39	2:40.50	1:36.30		7:08.00
S4	1:14.90	2:29.80	5:04.95	1:22.39	2:24.45	1:06.34	2:40.50	1:09.55		4:38.20
S5	0:58.85	2:08.40	4:11.45	0:58.85	2:13.75	1:00.99	2:29.80	1:04.20	2:19.10	4:16.80
S6	0:51.36	1:57.70	3:34.00	0:53.50	2:03.05	0:57.78	2:19.10	0:51.36	2:03.05	3:55.40
S7	0:46.01	1:47.00	3:17.95	0:48.15	1:54.49	0:54.57	2:08.40	0:48.15	1:47.00	3:39.35
S8	0:39.59	1:30.95	2:56.55	0:42.80	1:36.30	0:50.29	1:47.00	0:41.73	1:30.95	3:17.95
S9	0:35.31	1:25.60	2:45.85	0:38.52	1:25.60	0:44.94	1:36.30	0:38.52	1:20.25	3:01.90
S10	0:34.24	1:14.90	2:35.15	0:36.38	1:21.32			0:35.31	1:17.04	2:56.55
S11	0:46.01	1:47.00	3:17.95	0:48.15	1:54.49	0:54.57	2:08.40	0:48.15	1:47.00	3:39.35
S12	0:35.31	1:25.60	2:45.85	0:38.52	1:25.60	0:44.94	1:36.30	0:38.52	1:20.25	3:01.90
S13	0:35.31	1:25.60	2:45.85	0:38.52	1:25.60	0:44.94	1:36.30	0:38.52	1:20.25	3:01.90
As mínimas da presente táboa serán as mesmas para piscina de 25 e 50 metros con cronometraxe electrónica. A categoría de braza e estilos, serán as correspondentes á SB e SM, do certificado que acredita a discapacidade.										

9. NOTA FINAL.

No non previsto na presente normativa estarase ao disposto no artigo 10 do capítulo 3º do Título II do libro X do Regulamento General da RFEN, e no seu caso, ao disposto nas normas FINA.

A Coruña, 16 outubro 2009

Secretaría Xeral FEDGAN

ANEXO I

As probas e categorías nas que poden participar os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S1-S9 S11-S13	S1-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

ANEXO II

1.- A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá de enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determina a clase na que están encadrados para cada estilo. No caso de non ter a ficha expedida pola FEDDF, deberán obtela, no seguinte centro:

FIMEGA

(Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda. Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobús e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É necesario solicitar cita previa, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da valoración (30 euros) correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación é conveniente achegar os informes de lesión, se se teñen.

2.- As marcas de inscrición, deberán terse conseguido en competicións oficiais, ben do calendario da FEDDF ou da FEDGAN.

3.- Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEDGAN onde participen, aplicarase por parte dos Xuíces e Árbitros da competición, as recomendacións contempladas no Manual de Árbitro de Natación (CNA) no apartado N.18 Nadadores Discapacitados

<http://www.fegan.org/cms/content/view/4/5/>

4.- No momento de tramitar a licenza de deportista, deberá advertirse que se trata de un nadador con discapacidade.